

Información complementaria

Relatorios 07/04/11
Sesión da mañá



Bibliotecas escolares, ¿para que? Como facer da biblioteca algo imprescindible. Sala Obradoiro

MÒNICA BARÓ é Diplomada en Biblioteconomía e Documentación, licenciada en Historia e doutora en Documentación. Iniciou a súa práctica profesional no campo das bibliotecas escolares, nas que traballou durante doce anos, dende finais dos anos setenta. Traballou tamén en biblioteca pública e, posteriormente, dedicouse á docencia na Facultade de *Biblioteconomía i Documentació de la Universidad de Barcelona*, onde segue a exercer o seu labor. Recibiu o *premio Rosa Sensat de Pedagogía*, no ano 1993, coa obra *Formar-se per informar-se. A integració da biblioteca a l'escola* (Ed. 62/RosaSensat), escrita conxuntamente con Teresa Mañá. Sobre bibliotecas escolares publicou outros libros, como *Bibliotecas escolares, para que?* (Ed. Anaya, 2001), con Teresa Mañá e Inma Vellosillo e formou parte do equipo que realizou o estudo *Las bibliotecas escolares en España. Análisis y recomendaciones* (Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2005), *Las TIC en la educación* (MEC / Red.es, 2007) e *Bibliotecas escolares" entre comillas". Estudio de casos: buenas prácticas en la integración de la biblioteca en los centros educativos* (MEC/Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2010), con dirección de Inés Miret. Paralelamente, dedicouse ao estudo da edición de libros infantís, que foi obxecto da súa tese doutoral (*Las ediciones infantiles y juveniles de Editorial Juventud, 1923-1969*).

O obxectivo da sesión consiste en reflexionar en torno á biblioteca escolar como ferramenta de traballo para o profesorado e o alumnado. Que é –ou que debería ser– a biblioteca escolar no século XXI? Para que unha biblioteca na escola? Como facela posible? Como facela útil? Como facela imprescindible?

Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación. Sala Obradoiro

CRISTINA NOVOA e **PILAR SAMPEDRO** son asesoras de bibliotecas escolares da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

<http://bega-horadeler.blogspot.com/>

<http://lerenmancomun.blogspot.com/>

<http://librosaeito.blogspot.com/>

<http://redelectura.blogspot.com/>

Plan de mellora de bibliotecas escolares. Retos e debilidades, realidade e posibilidades, optimización de recursos e prioridades. Un repaso pola situación actual.

PROXECTO MEIGA. Posibilidades pedagógicas. Sala Obradoiro

CÉSAR IGLESIAS é funcionario da Consellería de Cultura e Deporte e responsable do *Proxecto Meiga*, o programa desta consellería para a informatización das bibliotecas, tanto públicas como escolares. Desenvolve labores de programación e desenvolvemento deste programa; tamén colabora na formación dos usuarios de Meiga, no sector das bibliotecas públicas e no ámbito educativo.

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>

O Proxecto Meiga, máis aló dunha aplicación que facilita o tratamento informático da colección das bibliotecas, garda múltiples posibilidades de traballo cooperativo e de aproveitamento pedagógico.

Información complementaria

Relatorios 07/04/11 Sesión da tarde



Redes sociais, Web 2.0 e bibliotecas escolares. Recursos para a aprendizaxe **Sala Obradoiro**

JOSÉ ANTONIO CORDÓN é profesor titular da Universidade de Salamanca dende o ano 1987. A súa docencia e investigación dedicouna ao estudo das fontes de información e a industria editorial, materias nas que publicou numerosas monografías e artigos científicos. É director do Máster de Edición da Universidade de Salamanca dende o ano 2000, membro do Consello executivo do Instituto de Historia do Libro e da Lectura, e do Instituto de Estudos de Historia da Ciencia e da Tecnoloxía. É director do Grupo de Investigación Recoñecido (GIR) *E-LECTRA: edición y lectura electrónica, tratamiento e recuperación automatizada de la información*. Representante da Universidade de Salamanca na Rede de Universidades Lectoras e no Proxecto da Fundación Germán Sánchez Ruipérez *Territorio Ebook*. Dirixe a revista *Pregos de Yuste: revista de ciencia, pensamiento y cultura europeos* (www.pliegosdeyuste.eu). Entre as súas últimas obras encóntanse: *Las nuevas fuentes de Información: información y busca documental en la web 2.0*, publicado pola editorial Pirámide no ano 2010, e *Gutenberg 2.0: la revolución de los libros electrónicos*, publicado pola editorial Trea en 2011.

O desenvolvemento de Internet e das tecnoloxías da información alteraron o panorama das fontes de información e dos sistemas de recuperación inherentes a elas, debido á aparición de fontes documentais completamente novas e de aplicacións de navegabilidade e intercambio de información que potenciaron a interconexión entre usuarios e o intercambio de información entre eles. Xenericamente coñecemos como web 2.0, ou web 3.0 o conxunto de innovacións de moi variable índole e natureza que posibilitaron unha maior retroalimentación entre as informacións, as fontes que as recollen e os usuarios que as consultan, despexando o terreo, moitas veces hermético, da busca e a xestión da información. Se a información é unha necesidade consubstancial ao desenvolvemento cognitivo e social, e as competencias para o seu control e xestión son inherentes a todo proceso formativo, o enriquecemento e a mellora nas aplicacións dispoñibles para iso representa un avance que toda formación ha de tomar en consideración. No ámbito da biblioteca estas teñen cada vez máis importancia como espazo de encontro entre usuarios e como lugar de comunicación da comunidade docente. Nesta conferencia expóñense algunhas das aplicacións mais útiles para o traballo desta comunidade.

A colección da biblioteca escolar entre interrogantes: Por qué, para qué, qué e cómo.

LUIS MIGUEL CENCERRADO MAMIERCA é Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica e Diplomado en Biblioteconomía e Documentación pola Universidade de Salamanca. Premio de Grao de Diplomado de Salamanca en 1997. De 1982 a 1995 presta servizos na Biblioteca Municipal de Salamanca como Encargado de Actividades Culturais, con especial dedicación aos servizos de lectura infantil. Dende 1995 é Coordinador do Centro de Documentación e Investigación de Literatura Infantil e Xuvenil da Fundación Germán Sánchez Ruipérez de Salamanca. En calidade de Profesor Asociado do Departamento de Biblioteconomía e Documentación, impartiu clases dende o curso 2001/02 ao curso 2007/08 nos estudos da Diplomatura de Biblioteconomía e Documentación da Facultade de Tradución e Documentación da Universidade de Salamanca.

O tema da colección débese formular no contexto de acción do conxunto da biblioteca escolar. Os fondos e recursos cos que conta a biblioteca son esenciais para que esta cumpra o seu propósito e desenvolva de xeito eficaz as súas funcións. Para iso, a conformación da colección debe estar orientada a cubrir as diferentes necesidades de información que poden presentarse na comunidade educativa. Por iso, tamén, é importante definir a composición do fondo da biblioteca escolar respecto a parámetros cualitativos e cuantitativos; coñecer a tipoloxía e a caracterización dos materiais de ficción e de non ficción en distintos soportes dirixidos a nenos e mozos, así como asentar criterios de selección das obras de ficción e de non ficción en distintos soportes, e establecer parámetros e indicadores para a súa análise e valoración.

Información complementaria



Relatorios 08/04(11) Sesión da mañá

Avaliar para avanzar. Prácticas de autoavaliación na biblioteca escolar. Sala Obradoiro

MÒNICA BARÓ e TERESA MAÑÁ.

Teresa Mañá iniciou a súa práctica profesional no campo das bibliotecas escolares a finais dos anos setenta, ámbito no que traballou durante quince anos; traballou tamén en biblioteca pública e, dende o ano 1992 dedícase á docencia e a investigación na *Facultat de Biblioteconomia i Documentació de la Universitat de Barcelona*. No ano 1993 recibiu o *premio Rosa Sensat de Pedagogía* pola obra *Formar-se per informar-se. A integració da biblioteca a l'escola* (Ed. 62/RosaSensat), escrita conxuntamente con Mònica Baró. Ademais de numerosos artigos sobre bibliotecas escolares publicou outros libros, como *Bibliotecas escolares, ¿para que?* (Ed. Anaya, 2001), con Mònica Baró e Inma Velloso. Con elas, e baixo a dirección de Inés Miret, formou parte do equipo de expertas en distintos proxectos: o estudo cuantitativo *Las bibliotecas escolares en España. Análisis y recomendacións* (Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2005), o estudo de boas prácticas *Bibliotecas escolares "entre comillas"* (Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2010), e recentemente *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?* (2010), unha ferramenta de autoavaliación. Así mesmo, participou no deseño e a execución do Máster de Biblioteca escolar e promoción da lectura (UAB-UB) e do curso de Diplomatura en *Bibliotecas escolares, cultura escrita e sociedade en red* da Organización de Estados Iberoamericanos (OEI).

Construír unha ferramenta de autoavaliación de (e para) a biblioteca escolar no noso contexto educativo non é unha tarefa doada, polo menos, dende tres puntos de vista. A escasa cultura de avaliación interna nos centros educativos, o desenvolvemento desigual das bibliotecas escolares e a ausencia duns estándares aceptados polas Administracións educativas, que fixen os requisitos de funcionamento, son barreiras importantes para crear instrumentos que promovan o autoanálise e que repercutan nunha mellora continuada das bibliotecas escolares.

A orixe da ferramenta de autoavaliación "Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?" está nun proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Educación, que permitiu abordar as tarefas implicadas na súa concepción, desenvolvemento e posta en práctica de forma piloto. A iniciativa formulouse no marco das accións que destacan o papel da avaliación nos procesos de implantación das bibliotecas escolares, e a súa finalidade non era outra que a de crear unha ferramenta manexable, adaptable a distintas realidades e tipoloxía de centros, de interese para axentes diversos (responsables da biblioteca, equipos docentes, equipos directivos) e orientada á definición de plans de mellora.



Nun medio caracterizado polo incremento da conexión en redes, as persoas encargadas das bibliotecas escolares deben ser competentes para planificar distintas técnicas de utilización da información, e ensinalas tanto ao profesorado como ao alumnado; deben, xa que logo, actualizar constantemente a súa formación e desenvolvemento profesionais.

Manifiesto IFLA/UNESCO sobre a Biblioteca Escolar. 2000

Información complementaria



| 12, 15 h. Presentación de experiencias. Sesións simultáneas – LITERATURA EN IMAXES: CINE E BANDA DESEÑADA | | | | | |
|---|--|--|--|--|--|
| Cine: a biblioteca escolar como tema. SALA OBRADOIRO | Cine: a biblioteca escolar formando espectadores Aula 8 | Banda deseñada en IES Aula 10 | Banda deseñada en CRA, CEIP e CPI Aula 11 | Cine – Banda deseñada Aula 12 | Obradoiro Banda deseñada Aula 15 |
| <p>IES de Porto do Son (Porto do Son, A Coruña) David Pérez Iglesias <i>“Rexistrando as actividades da biblioteca”</i></p> | <p>IES Fernando Esquíó (Neda, A Coruña) Begoña Soto <i>“De cine no Esquíó / Carteleira”</i></p> | <p>IES Perdouro (Burela, Lugo) Juana Bernárdez <i>“Encontros de banda deseñada na Mariña”</i></p> | <p>CPI Castro Baxoi (Miño, A Coruña) Carmen Presedo <i>“Banda deseñada: un proxecto anual”</i></p> | <p>IES Pino Manso (O Porriño, Pontevedra) Paz Rita Fernández <i>Videos para unha canle</i> <i>“Memorias dun neno labrego”</i></p> | <p>Kiko da Silva <i>“A banda deseñada na colección da biblioteca escolar”</i></p> |
| <p>IES Monte Carrasco (Cangas, Pontevedra) Miguel Cameselle <i>“A biblioteca na ficción”</i></p> | <p>IES Pedra da Aguia (Camariñas, A Coruña) Emilio Roca <i>“Cine para falar”</i></p> | <p>CRA de Ribadumia (Ribadumia, Pontevedra) Ángeles Rodríguez <i>“Traballando a banda deseñada en Infantil”</i></p> | <p>IES Terra de Xallas (Santa Comba, A Coruña) Anxos Sanmartín <i>Banda deseñada</i></p> | | |
| <p>IES Fontem Albei (A Fonsagrada, Lugo) Rubén Pol <i>“A biblioteca no lipdub”</i></p> | <p>IES de Celanova (Celanova, Ourense) Isidora Gil <i>“Cine: Selección de fondos”</i></p> | <p>IES Sánchez Cantón (Pontevedra) Rosario Sánchez–Gabriel <i>“Ferramentas no traballo coa banda deseñada”</i></p> | <p>IES de Poio (Poio, Pontevedra) Ángeles Rial <i>“Os trasnos dos libros. Club de banda deseñada”</i></p> | | |
| <p>CPI dos Dices – Rois (Rois, A Coruña) Luís L. Aldegunde <i>“A biblioteca está viva”</i></p> | <p>IES Val do Tea (Pontearreas, Pontevedra) Adelia Troncoso <i>“Cine por ciclos”</i></p> | | <p>IES Fontexería (Muros, A Coruña) Alfonso Blanco Manga</p> | | |
| | | | <p>CEIP Dr. Fleming (Vigo, Pontevedra) Luz Díaz García Banda deseñada nun CEIP</p> | | |

Información complementaria

Relatorios 08/04/11 Sesión da tarde



ENCUENTROS POR ZONAS. Prácticas de lectura para a aprendizaxe e tratamento da información. Visita á exposición de materiais.

| | | |
|-----------------------|-------------------------------------|--------------------------------------|
| Sala OBRADOIRO | Responsables PLAMBE zona Vigo | Coord. Consuelo Rivera |
| Aula 4 | Responsables PLAMBE zona Pontevedra | Coord. M ^a Jesús Troitiño |
| Aula 8 | Responsables PLAMBE zona A Coruña | Coord. Javier Pintor |
| Aula 10 | Responsables PLAMBE zona Santiago | Coord. Asesoría B.E. |
| Aula 11 | Responsables PLAMBE zona Ferrol | Coord. Ánxela Loureiro |
| Aula 12 | Responsables PLAMBE zona Ourense | Coord. Loli Nieto |
| Aula 15 | Responsables PLAMBE zona Lugo | Coord. Asesoría B.E. |

Libros e lectura na xente nova. Sala Obradoiro **XOSÉ NEIRA VILAS**

Escritor con obra para adultos (narración, ensaio, poesía, ...) e, tamén, para a infancia e mocidade (poesía e narrativa). A súa novela **Memorias dun neno labrego**, é o primeiro *best seller* da literatura galega polo número de edicións e traducións coas que conta. Esta obra, que se publicou por primeira vez na Arxentina hai agora cincuenta anos, forma parte do chamado "Ciclo do neno" xunto con *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho*. Foi emigrante en Arxentina e Cuba, e está considerado o meirande coñecedor acerca da emigración galega en América. Con Anisia Miranda, traballou na revista infantil *Zunzún* en Cuba, ademais de fundar e dirixir a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba e a súa biblioteca. A biblioteca, tamén é un dos lugares privilexiados da Fundación que leva o seu nome e que el preside, en Gres. É membro da Real Academia Galega, Doutor honoris Causa polas universidades da Coruña e A Habana, e conta cos premios da Crítica Española (narrativa) e Galega (ensaio).

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Centros e Recursos Humanos

